



ESCRITA PROPIA

'AFECCIÓN'

Iniciase cunha perda a andaina na escrita. Un son na fala desencadea harmonías concéntricas coma *pedras na auga*. Un son bate con cada partícula semántica veciña nunha caixa de *resonancia*, de xeito parecido ás *badaladas* dun soño, un pouco desacordadas, asincronizadas, cando chocan unhas coas outras, anegando o aire das súas voces concordantes e contraditorias. *Afección* nace á beira do pai MIÑO.

Despois da decisiva experiencia de A esmorga, na que se logrou establecer unha comunicación tan masiva como entusiasta co público, sabíamos que esta nova posta en escena espertaría vivamente o interese de mozos e mozas e de maiores, de público urbano e do rural.

A compañía, constituída por un equipo estable, cada vez máis especializado, abordou este novo reto como fixo sempre: coa máxima entrega, rigor e compromiso co teatro galego.





O proxecto está baseado na creación dramática propia, o que supón un novo brinco na traxectoria de Sarabela e unha contribución, desde a conexión coa dramaturxia contemporánea, ao afianzamento deste novo xénero no noso país.

Os temas que se cruzan nesta viaxe: a soidade, a amizade, o suicidio, o xogo, o amor e o desamor, a droga, a vida... enfrontándose en anacos de realidade de difícil síntese. Pero «non hai nada imposible cando se fai dende a verdade». Os fragmentos esnaquizados do mundo xúntanse, ao mesmo tempo, demoleedores e ardentes. A experiencia posta en dúbida non é tan só unha obriga, é tamén unha necesidade.

Os intérpretes: catro profesionais ben preparados, permeables, enérxicos e sublimes. Actores-trices, que se transforman facendo piruetas, en constantes e increíbles exercicios de estilo.

A complicidade do público: Afección quere seducir

os espectadores e garantir a súa capacidade de sorpresa! A través duns personaxes de carne e óso, latexando ao ritmo do noso tempo.

O conto «Haberá cine nun burato negro?» (soporte en off dunha curtametraxe en vídeo inserida na posta en escena) é intelixente, tenro, maxistral... A poética da ciencia, a capacidade de amar facendo sentir!

A maquillaxe: máxica. Todo este traballo xira arredor das máscaras e dos desenmascaramentos.

Os deseñadores, a produción, os tremoias, a dirección, os técnicos, o son, a luz, o vestiario, os colaboradores do equipo: sólidos e indispensables.

E o teatro: Shakespeare atravesando o espectáculo da man de Lorca, Müller, Cunqueiro, Handke, Ridjers, Gertrude Stein, Botto Strauss... mandando bicos para todos.

(Extracto do programa de man)



Pelliczos directos al público

Si este fin de semana decide ir al teatro, no se extraña si siente pelliczos en su cómoda butaca. Sarabela Teatro trae este fin de semana al Rosalía *Afección*, un nuevo guiño de complicidad a su público y un salto al vacío por el teatro gallego.

Amor, desamor, soledad, amistad, droga y suicidio salpican las vidas de personajes de

carne y hueso, que seducen al espectador con una alta dosis de sorpresa. El otoño y el río Miño son escenario de la historia de Xoana, Max e Fonso, un triángulo de soñadores que, a pesar de serlo, soportan los vaivenes como cualquier hijo de vecino. La escena permite incluso incursiones en el teatro experimental con la proyección del cortometraje *¿Haberá cine nun burato negro?*, que trae de la mano el cine al escenario, en un ambiente de imágenes sugerentes, que tienen como objetivo pelliczar los sentimientos del público.

Los destinatarios de esta demoledora propuesta son jóvenes, adultos, urbanitas y habitantes de núcleos rurales. No hay excepciones. La única premisa impuesta es la comunicación, masiva y entusiasta. Actores y actrices derrochan energía, y vida en constantes piruetas de estilo. A *esmorga*, su anterior creación, ya queda lejos, pero, otra vez, tanto Shakespeare como Cunqueiro se mezclan entre las butacas para otorgarles un aplauso. Como mínimo.

Camilo Franco | La Voz de Galicia | 28 de febreiro de 1997

Sarabela toma a palabra

O grupo ourensán estrea mañán «Afección», escrita pola compañía «a catro mans»

Afectanos sempre o inmediato, a doenza ou a paixón. Como Sarabela síntese afectada polo teatro, decidiu ir alén da acción e ofrecer ós espectadores palabras propias alá onde antes puñan xestos propios. Sen deixar o papel que cada un dos integrantes da compañía asume en cada montaxe agora a cuestión é tamén ser autores, así que con catro mans de outras tantas cabezas chega *Afección*, unha obra que responde ó xesto reflexo de que leva tempo na escea: as primeiras palabras que se poñen teñen que se referir obrigatoriamente ás táboas: Sarabela ponse a facer teatro sobre o teatro que fala do teatro pero di Ánxeles Cuñas que cando o teatro se asoma tanto ó teatro acaba por volver á rúa. Cun equipo renovado parcialmente, Sarabela presentarase mañán no Teatro Principal para ofrecerle ós espectadores ourensáns outra volta de torniqueta da súa concepción teatral: unha volta completa porque, nesta ocasión, a montaxe *Afección* se pode considerar cento por cento Sarabela dende o mesmo momento en que se concebiu a idea.

A nova montaxe da compañía ourensá quere contar a historia duns personaxes directamente ligados co teatro e, nun sentido, non está moi lonxe do que foi *Camá*, porque a pretensión é contar como se soñan as cousas e como pasan verdadeiramente. Se o teatro é un dos protagonistas da peza, tamén o material teatral xoga o seu papel no desenvolvemento da mesma e a obra utiliza citas escénicas de autores como Shakespeare, Lorca ou Cunqueiro para demostrar que os argumentos do teatro non están distantes dos da vida cotidiana.

Ánxeles Cuña explica que hai relación entre os fragmentos escollidos de Otelo ou de Hamlet «cos personaxes que nós puxemos sobre a escea» case como se fosen vidas paralelas.

A directora, e autora, comenta que o teatro é o lugar de encontro entre os personaxes clásicos e os de Sarabela e razona este protagonismo en relación co título: «para nós, o teatro é unha afección, pero non hai que esquecer que, ás veces, convírtese nunha doenza». Cuña continúa asegurando que «para os protagonistas, o teatro tamén empeza como unha afección, pero logo cada un deles toma un camiño diferente a as consecuencias deses camiños son diametralmente opostas, aínda que o teatro siga sempre presente».

Segundo a súa directora, «queríamos contar unha historia de desencanto e tamén os procesos de destrución das ilusións e para contalos pensamos que o teatro era

tanto un bo medio como un bo argumento». Entende tamén Ánxeles Cuña que «hai dureza nesta obra, pero haina na mesma medida que a hai na vida, quixemos traballar tamén cunha referencia verosímil e outra completamente teatral».

O amor e o desamor; o suicidio e o xogo; a soidade e a amizade conxúganse nesta nova obra que o mércores estrea o grupo ourensán no Teatro Principal da cidade.

Afección, un proxecto baseado na creación dramática propia da compañía, que asumiu tódalas funcións, incluída a de escribir o guión, supón —según destacaron onte os representantes do grupo en rolda de prensa— un novo salto na traxectoria de Sarabela e a súa contribución ó afianzamento do xénero en Galicia. A obra teatral conxúgase, ademais, coa edición dunha cortametraxe insertada na posta en escea (explorando por primeira vez —señalan os portavoces da compañía— «a posibilidade de que o cine saia ao escenario dándolle á man ó teatro»).

Un equipo estable

A compañía ourensá, integrada por un equipo estable e xa especializado, quere, con esta obra, seducir ó público e, trala experiencia que supuxo a representación da *Esmorga*, os integrantes de Sarabela están convencidos de que o conseguirán. O argumento de *Afección* xira en torno a unha disquisición: «¿haberá cine nun burato negro?», co escenario ourensán de fondo, cunha clara mensaxe: «non



hai nada imposible cando se fai dende a verdade. A existencia posta en dúbida non é tan só unha obriga, é tamén unha necesidade».

Como dato anecdótico, pero significativo do traballo da compañía, cabe destacar que se fixeron catro guións orixinais —un a cargo de cada autor— e o definitivo non é senón unha fusión de todos eles no que, ademais, poden atoparse claras referencias ó teatro holandés e alemán.

En canto o reparto artístico e técnico da obra, dirixida como é habitual por Ánxeles Cuña, figuran Fernando Dacosta, Fina Calleja, Suso Díaz e Pablo Rivero.

Outras voces, outros ámbitos

Sarabela quixo vestir *Afección* con algúns traxes que non tiñan utilizado con anterioridade. Entre eles, incorporar a linguaxe cinematográfica no corazón da peza, «facemos unha pequena proxección que nos sirve de nexo entre as dúas partes da obra —comenta a directora—, que nos permite facer unha elipse sobre o que acontece». A grabación desta película, que dura sobre dez minutos, foi realizada tamén polo grupo en espazos de Ourense, entre eles o mesmo Teatro Principal.

No sentido máis estritamente teatral, Ánxeles Cuña indica que, ademais de incorporar un actor novo ó reparto, «estivemos traballando en rexistros que eran pouco habituais nas nosas obras anteriores, rexistros realistas ou naturais que son necesarios para contar o fina que é a liña que separa ás veces o teatro da realidade».

Dende as perspectivas das novidades, Cuña indica que «nesta montaxe hai moitos elementos novidosos con respecto a outras anteriores, dende a propia escrita», pero apunta que «quizais o proceso de realizar a obra foi menos tenso do que inicialmente se esperaba, o ser autores nos permitiu traballar con maior liberdade». Como resultado dese proceso, Ánxeles Cuña anuncia: «a nosa próxima montaxe tamén a escribiremos nós porque a pesar desas catro mans que escribiron, dos enlaces que tivemos que facer, encontrámonos moi cómodos co traballo».

Argumentos e textos de hoxe para o público de hoxe

Seguramente ten que ver con esto o proceso das últimas montaxes realizadas, nas que o labor de construción das obra ía

gañando espacio, aínda que se respetase o texto. Un camiño dobre porque a intención de Sarabela é a de achegar ó teatro os espectadores de hoxe, por tanto, parecía necesario que os argumentos e as palabras fosen tamén de hoxe.

Dende Kundera, pasando por Belbel ata chegar a Blanco Amor, a traxectoria última de Sarabela indicaba esa intención: ofrecer espectáculos contemporáneos. Valeu así o traballo para Kundera e para Belbel, e tampouco se pode dicir que *A esmorga* non sexa un argumento contemporáneo.

Para Ánxeles Cuña a autoría forma parte dun proceso de convencimento da propia compañía «porque sempre traballamos na selección dos textos e despois dunha adaptación que respetase as intencións do autor, pero que ó tempo mantivese o selo da compañía».

Admite a directora que «sempre pode parecer unha ousadía pasar a ese lado da barreira que é o do autor, pero tamén o noso traballo sobre textos alleos levaba implícito unha certa autoría, na medida en que a escea e as nosas intencións necesitaban cubrir lagoas que as obras escritas deixaban libres».